

# Vínculos

Un vínculo é unha conexión entre dous recursos Web.

Este punto veranse os elementos HTML relacionados cos vínculos e coa creación de relacóns entre documentos.

## Sumario

- 1 Vínculos de hipertexto simples
  - ◆ 1.1 URL absolutas
  - ◆ 1.2 URL relativas
- 2 Vínculos dentro dun documento
- 3 Protocolos alternativos
  - ◆ 3.1 Vínculo Mail (*mailto:*)
  - ◆ 3.2 Vínculo FTP (*ftp://*)
- 4 Vincular documentos con *link*

## Vínculos de hipertexto simples

O elemento `<a>` utilízase para identificar unha cadea de texto ou unha imaxe que sirva como un vínculo de hipertexto a outro documento. Vexamos os atributos mais interesantes deste elemento:

- O atributo **href** proporciona o nome da ruta (URL) do documento ao que se quere vincular.

Un vínculo a un ficheiro html será do seguinte xeito:

Este é un `<a href="ficheiro.html">enlace</a>` a un ficheiro.

Para converter unha imaxe nun vínculo:

Enlace á imaxe `<a href="casa.html"></img></a>`

Por defecto, a maioría dos navegadores gráficos mostrarán o texto vinculado subliñado e en cor azul, pero isto pódese modificar con follas de estilo.

- O atributo **target** indica ao enlace onde ten que abrirse.

Para que o enlace se abra nunha páxina nova:

Enlace a un `<a href="ficheiro.html" target="_blank">ficheiro</a>`

Para que o enlace se abra na mesma páxina e escape de frames ou marcos:

Enlace a un `<a href="ficheiro.html" target="_top">ficheiro</a>`

## URL absolutas

Trátase de enlaces con ficheiros que están noutros servidores:

Web do `<a href="http://www.iessanclemente.net/web/index.html" target="_blank">IES San Clemente</a>`.

## URL relativas

Unha URL relativa apunta a outro documento que se atopa no mesmo servidor que o documento actual. Vexamos un exemplo no que queremos enlazar o ficheiro `www.iessanclemente.net/web/informatica/profesores.html` dende `www.iessanclemente.net/web/index.html`:

Podes ver os profes dende o seguinte `<a href="informatica/profesores.html" target="_blank">enlace</a>`.

Se dende o ficheiro `www.iessanclemente.net/web/informatica/profesores.html` queremos enlazar `www.iessanclemente.net/web/index.html`:

Para volver á <a href=".../index.html" target="\_blank">portada</a>.

## Vínculos dentro dun documento

Podemos vincular a un punto determinado dun documento. Para conseguilo debemos identificar un fragmento no interior do documento, isto podémolo facer de dous xeitos:

- Inserindo un elemento **a** có atributo **name** (en lugar de **href**).

```
<h1><a name="capitulo1" id="capitulo1">Capítulo 1</a></h1>
```

- Engadir o atributo **id** a calquera elemento HTML.

```
<h1 id="capitulo1">Capítulo 1</h1>
```

O valor dos atributos **id** e **name** deben ser únicos en todo o documento.

O segundo paso consiste en crear un vínculo ao fragmento utilizando un elemento áncora estándar có seu atributo **href**.

```
Para ir ao <a href="#capitulo1">Capítulo 1</a>
```

Tamén se pode vincular a un fragmento dende outro documento:

```
Para ir ao <a href="capitulos.html#capitulo1">Capítulo 1</a>
```

## Protocolos alternativos

Para vincular a outras webs emprégase o protocolo HTTP, pero hai outros tipos de transaccións que poden facerse.

### Vínculo Mail (**mailto:**)

Para enviar automaticamente un correo a un destinatario:

```
Envialle un mail ao <a href="mailto:admin@iessanclemente.net">admin do San Clemente</a>
```

### Vínculo FTP (**ftp://**)

Para vincular a un ficheiro que se atopa nun servidor FTP:

```
<a href="ftp://ftp.iessanclemente.net/ficheiros/apuntes.pdf">ficheiro</a>
```

O mesmo vínculo pero indicando un nome de usuario e contrasinal:

```
<a href="ftp://usuario:contrasinal@ftp.iessanclemente.net/ficheiros/apuntes.pdf">ficheiro</a>
```

Se queremos que se mostre todo o contido dun directorio do servidor web, no canto de baixar un ficheiro en concreto:

```
<a href="ftp://ftp.iessanclemente.net/ficheiros;type=d">directorío</a>
```

## Vincular documentos con **link**

**link** define unha relación entre o propio documento e outro externo. Non é igual a un vínculo de hipertexto porque non se pode acceder a el pulsando ou seleccionándoo de algúns xeitos. Sempre se sitúa na cabecera (**head**) do documento e poden existir varios elementos **link** nun único documento.

Os atributos más importantes de **link** son **href**, que apunta ao ficheiro vinculado, e **rel** que describe as relacóns entre o documento fonte e o documento destino. Tamén existe outro atributo, **rev** que describe as relacóns inversas (dende o destino á fonte).

A aplicación mais popular do elemento **link** é para facer referencia a unha folla de estilo externa. Neste caso, o atributo **type** debe identificar o tipo de contido **MIME** do documento vinculado externo como unha folla de estilo en cascada:

```
<head>
```

```
<link href="estilos.css" rel="stylesheet" type="text/css" />
</head>
```

Outro uso recomendado é para indicar unha versión alternativa do documento noutro idioma. No seguinte exemplo créase un vínculo a unha versión en galego do documento:

```
<head>
  <link rel="alternate" href="galego.html" type="text/html" hreflang="gl" />
</head>
```

Empregando os valores **next** e **prev** para o atributo **rel** pódese establecer a posición do documento nunha secuencia de documentos, tal e como se pode ver no seguinte exemplo:

```
<head>
<title>Capítulo 5: Creación de vínculos</title>
  <link rel="prev" href="capitulo4.html" />
  <link rel="next" href="capitulo6.html" />
</head>
```

--Vieites e Arribi outubro 2010